

A muda lingüística

Motivacións, identidades e ideoloxías

Fernando Ramallo
(Universidade de Vigo)

O contexto

- Crise da orde sociolingüística tradicional (?)
- Cambios dos últimos 30 anos. A aparición de neofalantes
 - Oficialización da lingua (cambios legais)
 - Estandarización (cambios normativos)
 - Modelo lingüístico educativo (cambios educativos)

- **Perfís neofalantes**

[L1, castelán // sabe falar **ben ou moi ben** galego]

<50 anos
(71%)

- **2% esencial**
(7.000)
- **8% funcional**
(29.000)
- 46% ocasional
(166.000)
- 44% potencial
(160.000)

<30 anos
(74%)

- **1% esencial**
(2.000)
- **6% funcional**
(9.600)
- 46% ocasional
(80.000)
- 47% potencial
(82.000)

<20 anos
(71%)

- **1% esencial**
(600)
- **3% funcional**
(3.000)
- 45% ocasional
(39.000)
- 50% potencial
(43.000)

- **Perfís neofalantes**
(<50 anos)

Esencial

- 38% urbano
- 52% non urbano
- Motivación persoal (+80%)

Funcional

- 52% urbano
- 48% non urbano
- Motivación persoal (66%),
traballo (27%)

Ocasional

- 72% urbano
- 28% non urbano
- Motivación persoal (52%),
traballo (30%)

Potencial

- 74% urbano
- 26% non urbano

Política lingüística e sistema educativo

- Novos aprendices
- Novos falantes

O modelo da política lingüística


(Lorenzo 2005)

- Feble e reactivo
- Ambigüidade de obxectivos
- Intervención limitada
 - Sen accións orientadas á promoción da reprodución
 - Fracaso na construción de capitais ligados á lingua (mobilidade social)


Consecuencias paradójicas

- A emerxencia de neofalantes
 - Crítica ás políticas *top-down*
 - Ideoloxías e prácticas

Consecuencias da política lingüística



A complexidade da muda



Cuestións clave

- Como o neofalante se posiciona a si mesmo en tanto que suxeito social?
- Existe unha (auto)narrativa común sobre o que é ser neofalante?
- Que din os falantes tradicionais do neofalantismo?
- En que medida existe a dicotomía nativo/non nativo?

O Desprazamento da L1

Motivacións para unha conversión

- A investigación en ASL
- Gardner & Lambert (1959, 1972)
 - Motivación instrumental vs. integrativa
- L2 Motivational Self System (Dörnyei 2005)


Ser neofalante

Motivacións no desprazamento de L1 maioritaria

- Racionalización do proceso: os autoconceptos imaxinados do neofalante



- Motivacións



Análise ideolóxica: autenticidade e anonimato

- Idealización do falante tradicional (nativo)
 - “de sitio recoñecido”
- Devaluación das neofalas
 - Identificación: estándar= “de ningún sitio”

Neofalante, un “non-lugar”

M A miña variedade é defectuosa. Eu entendo que a *persona* que o falou sempre, que tal, que a miña variedade non é nin diatópica nin diafásica, que a miña... eu falo o galego que podo. Cada día intento falar mellor, e *ahora* pois si intento máis o menos meter variedades da miña zona o intentar melloralo, facelo..., pero para min o meu galego é inauténtico.

F Pero a túa tamén é propia...

M Non, a miña aprendina na escola

D Claro, o noso é un galego de escola

S Un galego de libro

Un “non-lugar” moi visible

...Eu que para min incluso era negativo cando alguén me sinalaba e dicía: “hai que ben, empezache a falar galego.” Para min iso era negativo. Tamén era sempre a sensación de anormalidade, de que era algo sinalable, de que era algo especial e iso para min...

...que demanda recoñecemento

Eu creo que os neofalantes son fundamentais. É importantísimo e unha cousa fundamental no futuro da lingua porque no neofalante existe un desexo de querer falar, un compromiso, unha conciencia de querer falar esa lingua y eu creo que é fundamental para o futuro dunha lingua.

Neofalantismo como minoría activa

(Ramallo 2013)

- O neofalantismo como forma de influencia social das minorías
- Conciencia da situación sociolingüística regresiva
- Comportamento consistente e innovador
- Novos marcos interpretativos sobre as falas galegófonas e transformación da orde sociolingüística
- Redución da disonancia entre cognición e práctica: “que sei/son vs. que fago”

Comportamento consistente

- Eu aos dezoito era un *abertzale* do copón e era totalmente incoherente que falara castelá. Eu tiña moitos amigos, que si o independentismo, non sei que, eran..., todos falaban castelán, a min parecía incoherente *del* todo, por eso tamén escollín filoloxía galega, pa *estudiar*, e foi totalmente político. Compromiso cultural o como queiras, pero realmente foi por política, o sea porque era incoherente *con mi ideario* político...
- A mi dábame *vergonza* tocar a gaita e falar castelán (risas). Queda moi mal.

■ ■ ■

- ...unha reacción absolutamente virulenta nese sentido, mui virulenta. “Dime, ti por que falas?, y ¿ahora de qué vas?, y *te haces la interesante*” y..., y era..., era complicado.

■ ■ ■

- A min *personalmente* custoume muito, muita xente se riu de min nese momento, por falar galego e dicían... “ti falas castrapo”, *bueno* pssss..., falo castrapo e seguireino falando y son neofalante hoxe en día polos motivos que sexan, non?, xa sexan políticos de..., non sei o porque simplemente me dá a gana [...] iso, aguantei moita burla [...] a xente pois sorprendeuse un pouco... y facían burla como dicindo falas castrapo y... ti dis, *bueno* pero falarei castrapo pero non sei, ti tampouco falas ben castelán (risas) e non sei. Foi algo duro ao principio.

Rol sociolingüístico

- Creo que tamén é importante ese sentimento de responsabilidade o de culpabilidade que senten moitos neofalantes. É dicir, chega un momento que ti ves que tes unha responsabilidade con respecto a túa lingua, que vives nun país que ten, que está vivindo nunhas circunstancias específicas, non, e que ti es responsable dixo, entón tamén decides dar o paso, pois creo que é importante motivo...

Motivacións

Etnocultural

...aí empezo a tomar conciencia, xa non da cultura como algo simplemente: unha festa popular, senón da cultura como unha forma de expresión..

Motivacións

Sociopolítica

- Daquela podía darlle un valor, darlle valor ao galego pero... pero non estaba tan interiorizado,.. non había unha determinación, hoxe si a hai, si a hai, sobre todo cando estamos mirando... cando hai un estado de emerxencia, no social, pero no lingüístico tamén.

Conclusión

- Da *substitución lingüística* (“Language replacement”, May 2011) ao *desprazamento lingüístico* (O’Rourke & Ramallo 2013).